


# Darwin 2009

150 años de la teoría de la evolución  
Bicentenario del nacimiento de Darwin  
www.darwin2009.csic.es



## A forxa dun naturalista

O obxectivo da viaxe era realizar traballos de hidrografía e medicións cronométricas percorrendo a costa de América do Sur e as illas do Pacífico.

Darwin embarcou no *HMS Beagle*, un bergantín de 242 toneladas, 10 canóns e 25,5 metros de eslora. O 27 de decembro de 1831 levantaron áncoras para realizar unha viaxe arredor do mundo que duraría case cinco anos.

### A exuberante fauna e flora tropical

A finais de febreiro chegaron ás costas de América do Sur botando áncoras no porto do que hoxe é Baía. Darwin quedou impresionado ao chegar á selva neotropical brasileira. Aproveitou para realizar traballos de campo no bosque húmido tropical, comezando así as súas coleccións de fauna e flora suramericana.



Entre 1831 e 1836 Darwin circumnavegou o globo terráqueo no *Beagle*. Esta viaxe foi determinante para que á súa volta se formulara o problema dos problemas: a orixe das especies.





Fig. 1: Atol formado por un proceso de afundimento. O coral (zona sombreada) elévese a medida que o terreo afunde. Fig. 2: Atol formado completamente. Fig. 3: Tres exemplos (Vanikoro, Gambier Islands, Maurua) de arrecifes coralinos. A figura amosa a forma real da terra e a prolongación baixo o mar.




Ao chegar ás illas Cocos no océano Índico, Darwin puido efectuar comprobacións sobre a orixe e formación dos atois e arrecifes coralinos. Darwin pensaba que os arrecifes de coral eran o resultado de afundimentos. Para probar a súa hipótese reuniu datos que confirmaran as súas conxecturas, investigando a composición dos atois de coral a través de numerosas e metódicas sondaxes.

Desde o porto de El Callao en Lima (Perú) dirixíronse cara ao noroeste, chegando ás illas Galápagos. A estadía de Darwin neste arquipélago foi decisiva para afirmar as súas ideas arredor da transformación das especies, que culminaría coa elaboración da súa futura teoría evolucionista.

### As illas Galápagos, un laboratorio de especiación

O arquipélago dos Galápagos constitúe un grupo de illas situadas case na liña do Ecuador, fronte á costa occidental suramericana. Son illas oceánicas, que emerxeron pola actividade volcánica xerada no océano Pacífico. As diferenzas morfolóxicas da fauna endémica das distintas illas sería determinante para que Darwin puidera aproximarse á solución do que se consideraba o misterio dos misterios: a orixe das especies.

A finais de outubro de 1835, o *Beagle* partía das illas Galápagos. Tahití, Nova Zelandia, Tasmania e a costa suroeste de Australia foron as seguintes escalas do barco. Despois da súa travesía polo océano Índico, bordearon o extremo sur do continente africano, entraron no océano Atlántico e o 2 de outubro de 1836 regresaron a Inglaterra.



Darwin representou nun gravado os peteiros de tres especies (*magnirostris*, *fortis* e *parvula*) do xénero *Geospiza*, ademais do da *Certhidea olivacea*, que atopara nas illas Galápagos. Comentaba que o máis curioso era a perfecta gradación no tamaño dos peteiros das diferentes especies.